

BERNHARD SCHLINK

O lector

Traducido por David A. Álvarez Martínez



Hugin e Munin

1

Á idade de quince anos, tiven ictericia. A doenza comezou no outono e rematou na primavera. Canto máis escuro e frío se tornaba o ano que acababa, máis feble me sentía. Só coa chegada do novo ano comecei a recuperarme. Xaneiro foi morno, e a miña nai preparoume a cama no balcón. Vía o ceo, o sol e as nubes, escoitaba os nenos a xogar no patio, e unha tarde de febreiro ouvín cantar un merlo.

O primeiro paseo levoume dende Blumenstraße, onde viviamos no segundo andar dun edificio macizo construído a principios de século, até Bahnhofstraße¹. Foi alí onde, un luns de outubro, vomitei no camiño da escola á casa. Sentírame feble dende había días; máis ca nunca. Cada paso custábame esforzo. Ao que subía as escaleiras da casa ou da escola, as pernas apenas me sostiñan, e tampouco me apetecía comer. Mesmo cando sentaba famento á mesa, axiña percibía aversión. Polas mañás espertaba coa boca seca e coa sensación de que os órganos

¹Literalmente, rúa da Estación. Aínda que non se nomea en toda a novela, gran parte da historia desenvólvese na cidade de Heidelberg e arredores. As rúas mencionadas nestes primeiros capítulos conservan o nome e localízanse no centro da cidade.

me pesaban e estaban mal asentados no corpo. Avergoñábame a miña frouxidade, sobre todo cando vomitaba. Tampouco iso me acontecera endexamais. Enchéuseme a boca; tentei engulir, apertei os beizos, puxen a man diante, pero a golsada saíu a chorro a través dos dedos. Apoieime contra o muro, observei o vómito aos meus pés e atragoieime ao expulsar un esputo de cor clara.

A muller que se ocupou de min fíxoo dun xeito máis ben basto. Colleume do brazo e levoume pola escura entrada do edificio a un patio interior. No alto, de fiestra a fiestra, penduraban cordas con roupa lavada. No patio había leña amoreada e nun obradoiro coas portas abertas renxía unha serra e voaban as labras. A carón da porta que conducía ao patio, había unha billa. A muller abriuna, lavoume a man e ciscoume logo na cara a auga que recollera. Despois sequei a face co pano.

—Trae o outro!

Ao pé da billa había dous caldeiros; agarrou un e encheuno. Eu collín e enchín o outro e seguina a través do patio. Colleu impulso cos brazos e lanzou a auga, que batuxou contra a beirarrúa e arrastrou o vómito ao sumidoiro. Arrincoume o caldeiro da man e lanzou outra chaparrada de auga sobre a beirarrúa.

Estricouse e viu que eu choraba.

—Mociño —dixo estrañada—. Mociño.

Aprixoume. Eu era pouco máis alto ca ela, sentín os seus peitos contra o meu, ulín na estreiteza do abrazo o meu mal alento e a súa recente suor e non souben que facer cos brazos. Parei de chorar.

Preguntoume onde vivía, deixou os caldeiros na entrada do edificio e levoume á casa. Camiñaba á miña beira, coa carteira da escola nunha man e o meu brazo na outra. Bahnhofstraße non está lonxe de Blumenstraße. Andaba

con rapidez e cunha decisión que me facilitaba seguirlle o paso. Diante da nosa casa, despediuse.

Aquel mesmo día, a miña nai chamou o médico, que diagnosticou a ictericia. Nalgún momento, faleille daquela muller. Se non fose así, non creo que a visitase. Mais para a miña nai era obvio que, tan pronto como tivese ocasión, debía mercarlle un ramo de flores cos meus cartos, presentarme e darlle as grazas. Así foi como fun a Bahnhofstraße a finais de febreiro.

